



**RECOMENDACIÓNS PARA A REACTIVACIÓN DA ACTIVIDADE NOS DIS-
POSITIVOS COMPLEMENTARIOS PARA A ATENCIÓN AO TRASTORNO
MENTAL SEVERO EN RELACIÓN COA INFECCIÓN POLO VIRUS
SARS-CoV-2**

**(CENTROS DE REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL E LABORAL, PISOS PRO-
TEXTIDOS E UNIDADES RESIDENCIAIS)**

**Subdirección Xeral de Atención Primaria
Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria
Santiago de Compostela**

**Este documento estará en permanente revisión e actualización
(Revisado o 18 de maio de 2020)**





Grupo colaborador:

Grupo Técnico Saúde Mental FEA-FES Galicia:

- Rafael Álvarez Martínez (Asociación Avelaíña)
- Ana Regueira Fuenteseca (Asociación Alume)
- Covadonga Rodríguez Rodríguez (Asociación A Creba)
- Juan Manuel Adá Vázquez (Asociación Doa)
- María José Novoa Rodríguez (Asociación A Mariña)
- Carina Fernández Rivera (Saúde Mental FEA-FES Galicia)
- Enrique Castro Sanjurjo (Coordinador grupo de traballo, Saúde Mental FEA-FES Galicia).

Grupo Técnico Fundación Lar:

- Amelia Varela Artusio.
- Jesús López García.
- Sagrario Arangude Santos.
- Javier Rodríguez Navarrete.





Subdirección Xeral de Atención Primaria:

Blanco Lobeiras, Sinda. Subdirectora Xeral de Atención Primaria. Dirección Xeral Asistencia Sanitaria.

Sandá Barbazán, Silvia Beatriz. Servizo de Saúde mental. Dirección Xeral Asistencia Sanitaria.

Tajes Alonso, María. Xefa de servizo de Saúde Mental. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.



1. Introducción.

A COVID- 19 é unha infección respiratoria emerxente causada polo SARS-CoV-2 (*severe acute respiratory syndrome coronavirus 2*), un coronavirus que se detectou por primeira vez en decembro de 2019 na cidade de Wuhan, China. Este abrocho inicial en Wuhan propagouse rapidamente, afectando outras áreas de China e posteriormente a outros países o que levou á Organización Mundial da Saúde (OMS) a declarar a pandemia mundial o día 11 de marzo.

En España, o primeiro caso de COVID-19 foi detectado a finais do mes de xaneiro e dende entón, o número de contaxios aumentou de maneira progresiva e a gran velocidade o que deu orixe a unha crise sanitaria sen precedentes que requiriu a adopción de medidas excepcionais co obxectivo de protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter o progreso da enfermidade e mitigar o impacto sanitario. Con esta finalidade, o pasado 14 de marzo procedeuse á declaración do Estado de Alarma en España que posteriormente, prorrogouse en tres ocasións (na actualidade está oficialmente prorrogado ata o 24 de maio).

Un día antes da declaración do Estado de Alarma, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia o que obrigou a adoptar unha serie de medidas transitorias dirixidas a garantir ao mesmo tempo, a seguridade dos profesionais sanitarios e dos pacientes mantendo en todo momento, o correcto equilibrio no exercicio de dereitos e obrigas da cidadanía galega.

Por outra banda e co fin de facer fronte á epidemia de coronavirus e dar a mellor resposta a unha situación tan dinámica, foi necesario levar a cabo un



proceso continuo de adaptación e reorganización do sistema sanitario no que respecta a súa actividade e recursos materiais e humanos.

Desde o inicio da epidemia ata o 20 de abril, notificáronse máis de 2 millóns de casos de COVID-19 en todo o mundo (160.000 falecementos) dos que 204.178 corresponden a España (con 21.282 falecementos). Durante este período de tempo tanto España coma Galicia transitaron polos escenarios de contención e mitigación da pandemia e na actualidade, a tendencia decrecente no número de novos casos é compatible co inicio da etapa de desaceleración, última etapa da fase pandémica.

O contexto epidemiolóxico, sanitario e de saúde pública actual permite o inicio deste proceso de reactivación da actividade asistencial presencial nos centros sanitarios, que debe ser avaliada de maneira continua para comprobar a súa efectividade e acompañarse da introdución doutras medidas específicas que se deberán manter máis alá da fase pandémica.

As persoas que presentan un trastorno mental severo constitúen un colectivo de especial atención ante o risco de que poidan presentar descompensacións na súa patoloxía de base. A rehabilitación psiquiátrica constitúe un proceso onde a meta é axudar as persoas con discapacidade secundaria ao padecemento dun trastorno mental grave para lograr a súa integración na comunidade e mellorar o seu funcionamento psicosocial de modo que lles permita manter no seu contorno social e familiar unhas condicións o máis normalizadas e independentes que sexan posibles.

Coa finalidade de diminuír o impacto que a situación sanitaria e social pode ter na saúde de ditas persoas, articuláronse diferentes recomendacións para adaptar os servizos de asistencia sanitaria e psicosocial prestados de xeito público as circunstancias anteriormente descritas.



Os procesos de rehabilitación psiquiátrica, dirixidos as persoas con trastorno mental severo, realízanse, no ámbito comunitario, nos dispositivos de apoio complementario para o trastorno mental severo, definidos polo decreto 389/1994 do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia.

Tanto os pisos protexidos e unidades residenciais (regulados no Decreto 347/2002, do 5 de decembro, polo que se regulan os pisos protexidos, vivendas de transición e unidades residenciais para persoas con trastornos mentais persistentes) como os centros de rehabilitación psicosocial e laboral (CRPL) (regulados na Orde do 23 de outubro de 1998 de regulación dos centros de rehabilitación psicosocial e laboral para enfermos mentais crónicos) son centros sanitarios que se rexiran, de xeito xeral, pola normativa de aplicación para centros sanitarios. No obstante, e tendo en conta as súas características particulares e da poboación a que prestan servizo, na definición dos protocolos que lles resulten de aplicación en materia de prevención consultaránse as recomendacións emitidas para os centros de carácter sociosanitario.

2. Obxectivos.

- Definir un marco de actuación xeral sobre o que adaptar o funcionamento dos diferentes dispositivos complementarios para a atención a saúde mental e facilite a toma de decisións durante o proceso de normalización da asistencia .
- Determinar as liñas de actuación de vixilancia, prevención e control para este proceso de reactivación.



3. Marco de actuación.

Na toma de decisións ante riscos non coñecidos aplícase o principio de precaución, como supuxo establecer unha serie de medidas transitorias dirixidas a protexer aos profesionais sanitarios, reforzar a seguridade dos pacientes fráxiles ou máis vulnerables e garantir unha adecuada asistencia dos pacientes COVID-19. Na actualidade dispónse de información cada vez máis sólida acerca da incidencia da enfermidade, os requirimentos asistenciais e a dinámica de transmisión do virus, o que permite a transición a un novo escenario.

Dado que a reactivación da asistencia debe ser un proceso seguro, gradual e de carácter dinámico é preciso elaborar unha resposta adaptativa, tendo en conta criterios epidemiolóxicos e asistenciais. Dita reactivación pivotará sobre dúas liñas de actuacións principais:

3.1. Prevención da infección polo SARS-CoV-2

A estratexia desta liña de actuación basease na aplicación de medidas dirixidas a protexer aos profesionais, aos usuarios dos dispositivos e ao resto de persoas que transiten polos centros, pisos e unidades residenciais, reducindo a probabilidade de contacto cos casos COVID-19.

Os eixos principais da estratexia son a formación e información dos profesionais e a aplicación de medidas de protección persoal e organizativas.

En canto á comunicación e formación cómpre incidir nos seguintes aspectos:



- Todo o persoal dos CRPL, pisos protexidos e unidades residenciais recibirá información e formación sobre as medidas de prevención da transmisión da infección polo SARS-CoV-2.
- Os profesionais susceptibles de atender a pacientes COVID-19 deberán recibir formación sobre o uso adecuado dos equipos de protección individual (EPI).

A formación deberá comprender ao menos, os seguintes aspectos: características da enfermidade, protocolos de actuación en cada ámbito e de ser o caso, emprego dos equipos de protección individual (EPI). Ademais deberá incidir nas medidas de protección baseadas na transmisión por gotas e contacto facendo fincapé na hixiene de mans.

Os medios de difusión da información empregados serán:

- Infografías, carteis e follas informativas nos lugares de maior concorrencia. (<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/ciudadania.htm>)
- Publicacións electrónicas como por exemplo as webs da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, do Ministerio de Sanidade e da Organización Mundial da Saúde (información e recomendacións). As recomendacións para os dispositivos de Saúde Mental poden consultarse na seguinte ligazón: <https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Sa%C3%BAdede-Mental-e-Adici%C3%B3ns>)
- Realización de sesións formativas nos centros .

En relación ás medidas de protección persoal:



- Reforzo na aplicación das medidas de prevención da transmisión da infección:
 - Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans, con auga e xabón ou con solucións hidroalcohólicas. (<https://femora.sergas.gal/Seguridade/Video-5-EPI>)
 - Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca se non se teñen as mans limpas.
 - No caso de que non se poidan manter as medidas de distanciamento persoal, os traballadores utilizarán máscaras cirúrxicas desbotables durante a permanencia no centro de rehabilitación psicosocial.
 - Hixiene respiratoria – Etiqueta respiratoria:
 - ✓ Ao tusir ou esberrar, taparse a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira, ou ben farase contra a flexura do cóbado.
 - ✓ Despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos contaminados, deberanse lavar ben as mans.
 - ✓ Utilización de equipos de protección individual (EPI) por parte dos profesionais que atenden a pacientes COVID-19. (<https://femora.sergas.gal/Seguridade/Video-1-EPI>) (<https://femora.sergas.gal/Seguridade/Video-2-EPI>)



- No tocante a detección da infección polo virus SARS-CoV-2 nos profesionais dos dispositivos complementarios seguirase o recollido no punto 5 do protocolo de detección da , INFECCIÓN POLO VIRUS SARS-CoV-2 NOS PROFESIONAIS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, no que se recolle que: Os centros sanitarios concertados co Servizo Galego de Saúde serán os responsables da realización das probas de detección do SARS-CoV-2 dos seus traballadores, segundo as recomendacións e criterios recollidos nese documento.
- Detección precoz nos pacientes non-COVID ingresados: naqueles pacientes que inicien sintomatoloxía compatible con COVID-19 (descartada outra etioloxía), indicárase illamento e contactarase co seu médico de atención primaria. No caso de que os síntomas sexan de gravidade (disnea súbita, febre maior de 39°C, obnubilación) contactarase co 061.

No que respecta ás medidas organizativas:

- Habilitarase en todos os centros plans de continxencias específicos.
- Revisión dos protocolos e recursos por parte dos servizos de riscos laborais da empresa.
- Establecerase un responsable de custodia e definir as necesidades de subministración de material de protección.
- Adecuaranse os espazos e as quendas de atención coa finalidade de evitar as aglomeracións e poder manter as medidas de prevención; favorecerase que a atención se leve a cabo en



quendas diferenciadas de tarde ou mañá, e a adaptación dos horarios de atención.

3.2. Control da infección polo SARS-CoV-2

Trátase de evitar que as persoas infectadas diseminen a enfermidade na comunidade:

- Valorarase diariamente o estado de saúde física dos pacientes mediante aplicación de cuestionarios de identificación de síntomas ou criterios epidemiolóxicos de risco segundo o anexo 1.
- Illamento precoz dos casos confirmados e sospeitosos e estudo dos seus contactos (profesionais e usuarios).
- Garantir a adecuación dos protocolos de control da infección por SARS-CoV-2 nos distintos centros (limpeza, protocolos de illamento e seguimento de casos, etc).
- Notificación de todos os casos de COVID 19 segundo o indicado no Acordo do 3 de abril de 2020 polo que se establece a notificación obrigatoria dos casos e falecementos relacionados co COVID-19 por parte dos centros, servizos e establecementos sanitarios e sociosanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.



4. Reactivación e reorganización dos programas asistenciais.

4.1. Recomendacións xerais.

De forma xeral a reactivación asistencial será gradual, dinámica e reversible e debe permitir a normalización e reinicio da actividade presencial nos centros de rehabilitación psicosocial e laboral, e os ingresos dos usuarios nos pisos protexidos e centros residenciais.

Este reinicio deberá realizarse de maneira progresiva priorizando, segundo a súa gravidade psicosocial, aqueles casos con necesidades psicosociais máis urxentes ou para favorecer medidas de conciliación familiar ou respiro.

A función principal do persoal sanitario e non sanitario vinculado aos dispositivos complementarios será:

- Atender as necesidades básicas dos usuarios dos recursos.
- Prestar apoio de xeito proactivo e preferentemente telemático para o axeitado desenvolvemento das actividades cotiás e de fomento da autonomía nesta situación de illamento domiciliario.
- Identificar posibles síntomas de descompensación psicopatolóxica
- Identificar síntomas compatibles ou sospeitosos de infección respiratoria ou infección por COVID- 19.
- Asesorar aos usuarios en pautas axeitadas de actuación na situación actual favorecendo a súa resiliencia.
- Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria para os usuarios, visitantes (persoa de referencia) e ou persoal:



- Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
- Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos contaminados, realizar hixiene de mans.
- Respectar a distancia mínima dun metro (con máscara cirúrxica) e preferiblemente de 2 metros co resto das persoas.

O plan para a normalización e reactivación da asistencia , seguirá as seguintes recomendacións que deberán adaptarse ás características de cada dispositivo complementario e as diferentes fases do proceso de reactivación.

A. Centros de rehabilitación psicosocial.

- Planificarase e intensificarase a limpeza diaria con produtos virucidas.
- Garantirase a dispoñibilidade de solución hidroalcohólica en todos os puntos clave dos dispositivos (puntos de entrada e saída, zonas con maior tránsito de persoas, zonas de traballo manual, aseos).
- É preciso realizar hixiene de mans á entrada e saída das instalacións.
- Recoméndase favorecer que os usuarios recoñezan os síntomas compatibles con COVID -19 mediante as autoenquisas de síntomas.
- As persoas que presenten febre, tose ou outra sintomatoloxía suxestiva de COVID-19, ou que son contactos estreitos de persoas con COVID 19 seguirán as indicacións do médico e das autoridades sanitarias e non



acudirán ao centro.

- Adaptaranse os espazos para garantir unha distancia mínima de dous metros entre as persoas no desenvolvemento das actividades grupais e ocupacionais.
- Promoverase o uso de máscaras de protección entre os usuarios e traballadores do centro.
- O usuario acudirá só o centro. No caso de precisarse información coa familia, esta realizarase preferiblemente a través do teléfono. De precisar acudir acompañado, recoméndase que o acompañante sexa menor de 70 anos. Os familiares/acompañantes non deben acudir ao centro se presentan síntomas de infección respiratoria.
- No transporte dos usuarios aos centros velarase pola aplicación da normativa de aplicación en materia de transporte público e privado. No caso de transporte propio realizarase unha limpeza exhaustiva interior e exterior, uso de máscaras obrigatorias por usuarios e condutor, e hixiene de mans á saída e entrada. Reducirase o número de prazas ocupadas na mesma porcentaxe do transporte público por carreteira segundo o indicado pola autoridade sanitaria (ao 50% no momento de redacción deste documento).
- Estableceranse normas de tránsito en corredores e espazos comúns.
- Fortalecerase o traballo coas familias de xeito telemático.
- Reorganización e redimensionamento dos grupos de traballo, reducindo o número de persoas en cada grupo e favorecendo as quedas de mañá e tarde.



- Respecto aos profesionais:
 - Extremarán as medidas de hixiene de mans.
 - Os profesionais con febre ou clínica respiratoria aguda absteranse de acudir ao seu posto de traballo ata que se valore a súa situación.
 - Todos os profesionais deberán colocarse unha máscara cirúrxica antes da atención a unha persoas con síntomas respiratorios.

B. Pisos protexidos.

- Minimizaranse as saídas para compras ou subministro (supermercado, tabaco, farmacia) por parte dos usuarios, e a subministración de alimentos e outros bens de primeira necesidade realizarase na medida do posible por parte dos supervisores a través de medios telemáticos evitando as saídas aos establecementos públicos.
- Favorecerase o adestramento dos usuarios no uso de ferramentas dixitais de diversa índole para diminuír o contacto social físico (plataformas de videochamada para contactos con achegados, compra online, etc).
- Favorecerase que os usuarios poidan desenvolver actividade física nas franxas horarias establecidas.
- Habilitarase un teléfono de contacto que estará permanentemente dispoñible para a comunicación entre os usuarios e os responsables da xestión do piso ou unidade residencial.
- No caso de identificarse que podería haber un beneficio poderán programarse saídas terapéuticas que se realizarán ao abeiro do disposto na instrución específico aloxada na ligazón: <https://coronavirus.sergas.es/Informacion-para-os-profesionais> apartado “Saúde mental”.
- No caso dos pisos protexidos, realizarase un seguimento telefónico dos usuarios ao menos de xeito diario para observar o seu estado de saúde,



e identificar a través do cuestionario habilitado a tal efecto posibles síntomas de infección segundo o anexo I. Nesta mesma consulta telefónica avaliarase se existen necesidades non cubertas de tipo sociosanitario e estarase especialmente atento a aparición de posibles cambios de conduta ou rutina suxestivas de cambio no estado mental dos usuarios. Asemade daranse pautas xerais para promover o benestar emocional tales como : establecer un horario no que se alterne a realización de tarefas domesticas e actividades de ocio e actividade física na medida do lo posible, evitar o exceso de información sobre a situación sanitaria e resolver dúbidas.

- Previa a realización da atención presencial nun piso protexido, o persoal realizará aos residentes a enquisa cos ítems dispoñibles no anexo I. E actuarase de xeito acorde ao resultado obtido.
- Respecto aos profesionais:
 - Extremar as medidas de hixiene de mans.
 - Os profesionais sanitarios con febre ou clínica respiratoria aguda absteranse de acudir ao seu posto de traballo ata que se valore a súa situación.
 - Todos os profesionais deberán colocarse unha máscara cirúrxica antes da atención a unha persoas con síntomas respiratorios. Utilizaranse máscaras FFP2/N95 ou superior en situacións susceptibles de producir aerosolización.
- Os profesionais sanitarios e non sanitarios que interveñan de xeito individual acorde o seu nivel de exposición e os protocolos en vigor en cada momento, contarán cos equipos de protección individual . A dirección do centro informará ao Servizo Galego de Saúde das necesidades acordas



aos protocolos en vigor e os informes dos servizos de prevención de risco laborais.

- No caso de que un usuario presente sintomatoloxía suxestiva de infección por SARS-CoV-2, ou conste como contacto estreito cun caso confirmado de COVID- 19, informaráselle de que é preciso realizar medidas de autoillamento, proporcionaráselle unha máscara cirúrxica de protección e recordaráselle a necesidade de lavado de mans frecuente, e se contactará de xeito inmediato co seu centro de saúde. Se a situación clínica é de gravidade contactarase directamente co 061.
- No caso de que non se poida realizar as medidas de autoillamento de xeito correcto informarase deste feito o equipo asistencial responsable do caso.
- Os equipos de continuidade de coidados dependentes das xerencias de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde manterán visitas presenciais cunha frecuencia aproximada semanal, coas seguintes adaptacións:
 - Prepararanse as tomas de medicación sen a presenza dos pacientes, quedando claramente identificada a posoloxía diaria. Só no caso de que se estime necesario e en caso de cambios de dose explicárase ao paciente mantendo a debida protección e recomendacións para diminuír riscos de contaxio.
 - Tomaranse as medidas axeitadas para facer a reunión de piso nunha sala de dimensión suficientes para garantir a distancia de seguridade entre residentes e persoal, e de ventilación axeitada.
 - Incidiranse as recomendacións sobre medidas de prevención de contaxio e síntomas de alarma.
 - Comprobarase da existencia de termómetros en todos os pisos e residencias, así como a existencia de útiles de hixiene e máscaras.
- Tomaranse as medidas axeitadas para o retorno progresivo dos usuarios que voluntariamente decidiron pasar o confinamento no domici-



lio familiar, así como a previsión de ingreso de novos usuarios que poidan requirir a prestación do servizo. A tal efecto, non poderán presentar sintomatoloxía compatible con COVID -19.

C. Unidades residenciais.

- Planificarase e intensificarase a limpeza diaria con produtos virucidas, especialmente das zonas de maior contacto (pasamáns, manillas, superficies de traballo, comedor).
- Habilitaranse dispensadores de solución alcólica na a entrada e en espazos comúns (zonas de visitas, cafeterías) ou á entrada das habitacións de cada residente en casos de usuarios non autónomos.
- Aplicaranse medidas de reforzo para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcólica atendendo ás características de cada centro: sinalización con cartellaría, iluminación ao dispensar, bloqueo de portas en caso de non utilizarse, etc.
- Xeraranse dinámicas para que os usuarios realicen hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento ao lavado, momentos previos a actividades, entrada no comedor) ademais de medidas de educación sanitaria.
- Instalación de portapanos desbotables nas salas de espera e espazos comúns.
- Utilización de máscara cirúrxica en todos os espazos do centro residencial, tanto por parte do persoal como das visitas.
- Nos comedores, eliminaranse aparellos de uso común (vinagreiras,



aceiteiras, xarras de auga) e serviranse as racións de xeito individual. Estableceranse se é preciso quendas diferenciadas de acceso para garantir as medidas de prevención.

- Recomendase a utilización de máscaras en presenza de visitas, terapias grupais ou talleres, no caso de que non se poida garantir a distancia de seguridade.
- De conformidade co disposto na resolución do 5 de maio de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade a diversos acordos do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), do 5 de maio de 2020, os residentes en centros sociosanitarios debido a súa condición de vulnerabilidade non poderán facer uso da habilitación para a práctica da actividade física non profesional ao aire libre prevista na Orde SND/380/2020, do 30 de abril, durante a vixencia do estado de alarma e das súas posibles prórrogas.
- No caso de identificarse que podería haber un beneficio poderán programarse saídas terapéuticas que se realizarán ao abeiro do disposto na instrución específico aloxada na ligazón: <https://coronavirus.sergas.es/Informacion-para-os-profesionais> apartado “Saúde mental” .
- Medidas de distanciamento:
 - Medidas de distanciamento social: mantemento da distancia de seguridade entre persoas (preferiblemente 2 metros) e evitar as aglomeracións ou espazos con moitas persoas.



- Regular o acceso ás actividades en zonas comúns, distribuíndo estas actividades en quendas, de tal forma que en cada quenda, cada participante poida manter a distancia de seguridade (preferiblemente de 2 metros) respecto ao resto de participantes.

- O inicio das visitas aos residentes realizarase de acordo a normativa de aplicación para centros sociosanitarios.

4.2. Medidas específicas.

Fase 1: (11- 24 Maio 2020)

Centros de rehabilitación psicosocial e laboral :

- Manterase a asistencia non presencial a través de ferramentas telemáticas, tanto nas intervencións individuais como grupais.
- Fomentarse o desenvolvemento dos programas de atención a domicilio.

Pisos protexidos:

- Permitirase que os usuarios reciban visitas unha vez a semana; estas realizaranse no exterior e recomendarase a adecuación as pautas de minimizar risco de contaxio (hixiene de mans ao entrar e saír da vivenda, uso de máscara, evitar lugares pechados e contactos interpersoais sen distancia de seguridade). Recordarse que non pode recibir visitas de persoas que presenten calquera tipo de sintomatoloxía compatible con COVID 19.



- Velarase porque no desenvolvemento de actividades grupais se respecte a distancia de seguridade.

Unidades residenciais :

- Os novos ingresos deberán ter unha PCR negativa realizada 24-48 horas antes do ingreso, sendo xestionada dita proba pola xerencia da área sanitaria de orixe.
- Adaptaranse se é preciso as quendas de comidas para garantir se manteñan as condicións de hixiene e distancia interpersoal.
- Velarase porque no desenvolvemento de actividades grupais se respete a distancia de seguridade.
- Informarase telefónicamente sempre que se requira e cunha frecuencia mínima de tres días á semana ás familias e titores legais do estado de saúde dos usuarios.
- Promoverase o uso de ferramentas de telecomunicación para favorecer o contacto dos doentes cos seus familiares.
- Permitirase unha visita á semana pola persoa de referencia con cita previa. Estas visitas realizaranse nas seguintes condicións:
 - Elaborarase unha listaxe de persoas de referencia para cada paciente que deben estar exentas de síntomas compatibles coa COVID-19 para poder realizar a visita.
 - Realizaráselles unha avaliación de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 mediante a realización dunha enquisa



clínico-epidemiolóxica antes do acceso ao centro.

- Verificarase que realizan unha hixiene de mans e facilitaráselles unha máscara.
- Organizaranse quendas de visitas con cita previa.
- Segundo a fragilidade da persoa residente a visita poderá realizarse no exterior (xardín do centro), nun espazo interior habilitado para tal fin, que deberá estar ben ventilado e ter os mínimos enseres posibles.
- Soamente realizaranse visitas na habitación no caso de persoas residentes encamadas. Na medida que sexa posible, estableceranse circuitos de entrada e saída diferenciados.
- En cada unidade residencial, analizarase a dispoñibilidade de espazos e a capacidade para establecer un número máximo de persoas de forma simultánea.
- Intensificaranse as medidas de limpeza e desinfección durante, entre quendas e ao finalizar o horario de visitas.
- Permitirase a realización de paseos e actividades ao aire libre supervisados, en pequenos grupos e dentro das instalacións do centro .



Fase 2: (25 de Maio - 7 de Xuño de 2020)

Centros de rehabilitación psicosocial e laboral:

- Recuperación progresiva da actividade presencial nos centros de rehabilitación psicosocial e laboral, garantindo que se poda manter unha distancia mínima de seguridade entre persoas preferiblemente de 2 metros.
- Na realización de actividades grupais dividirase aos pacientes en grupos pequenos. Con tal finalidade flexibilizaranse os horarios de atención.
- Priorizarase a atención dos pacientes cunha situación psicosocial de maior gravidade.
- Evitarase o uso compartido de materiais (periódicos, libros, material de terapia ocupacional) e eliminaranse aparellos de uso común (xarras, etc). Suspenderase o uso de máquinas de vending e similar.
- Manteranse os programas de atención non presencial vía telemática e atención domiciliaria.
- Para o resto de aspectos, seguirán resultando de aplicación as medidas xerais.

Pisos protexidos:

- Permitirase ampliar as frecuencias das visitas; estas seguiran á realizárense no exterior e recomendarase a adecuación as pautas de minimizar risco de contaxio (hixiene de mans ao entrar e saír da vivenda, uso de máscara, evitar lugares pechados e contactos interpersoais sen



distancia de seguridade). Recordarase que non pode recibir visitas de persoas que presenten calquera tipo de sintomatoloxía compatible con COVID 19.

- Velarase porque no desenvolvemento de actividades grupais se respecte a distancia de seguridade.
- Poderán incluírse en programas presenciais desenvolto nos centros de rehabilitación psicosocial e laboral.

Unidades residenciais:

- Os usuarios poderán saír ao exterior do centro, acompañado por un membro do equipo profesional, para actividades no contexto de programas de fomento da autonomía ou exercicio físico ao aire libre. Recomendase o uso de máscara en usuarios e acompañantes.
- Seguirase as recomendacións de visitas da fase 1, que poderán ver incrementada a súa frecuencia en dúas visitas semanais, sempre pola mesma persoa achegada/familiar.
- Para o resto de aspectos, seguirán resultando de aplicación as medidas xerais e as específicas adoptadas na fase 1.



Fase 3: (8 de Xuño - 21 de Xuño de 2020)

Centros de rehabilitación psicosocial:

- Ampliarase a actividade programada presencial .
- Para o resto de aspectos, seguirán resultando de aplicación as medidas xerais e as específicas relacionadas para a fase 2.

Pisos protexidos:

- Permitirase ampliar as frecuencias das visitas; estas seguiran á realizárense no exterior e recomendarase a adecuación as pautas de minimizar risco de contaxio (hixiene de mans ao entrar e saír da vivenda, uso de máscara, evitar lugares pechados e contactos interpersoais sen distancia de seguridade). Recordarase que non pode recibir visitas de persoas que presenten calquera tipo de sintomatoloxía compatible con COVID 19.
- Para o resto de aspectos, seguirán resultando de aplicación as medidas xerais e as específicas relacionadas para a fase 2.

Unidades residenciais:

- Retomaranse de xeito progresivo as terapias grupais familiares, sempre e cando se garantan as medidas de distanciamento social. Seguirase as recomendacións de visitas da fase 1.
- Cada paciente poderá recibir dúas visitas semanais e poderán realizarse



por persoas distintas.

- Poderán incluírse en programas presenciais desenvolto nos centros de rehabilitación psicosocial e laboral.
- Os usuarios poderán realizar saídas ao entorno urbano evitando lugares onde se concentren moitas persoas. Atenderán ás medidas de distanciamento e utilizarán máscara.
- Para o resto de aspectos, seguirán resultando de aplicación as medidas xerais e as específicas relacionadas para a fase 2.

Bibliografía

- Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Boletín Oficial do Estado (BOE); 67;14 de marzo de 2020:25390-25400. Disponible en: https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2020-3692 (acceso abril 2020).
- RESOLUCIÓN do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Diario Oficial de Galicia (DOG);50-Bis; 13 marzo de 2020:16402-16414. Disponible en:





https://www.xunta.gal/dog/Publicados/excepcional/2020/20200313/2256/AnuncioG0244-130320-1_gl.pdf (acceso abril 2020).

- WHO. Coronavirus disease 2019 (COVID-19): Situation report—91. 2020. World Health Organization (WHO). Disponible en: https://www.who.int/docs/default-source/coronaviruse/situation-reports/20200420-sitrep-91-covid-19.pdf?sfvrsn=fcf0670b_4 (acceso abril, 2020).
- Holloway, R., Rasmussen, S., Zaza, S., Cox, N., Jernigan, D. y Influenza Pandemic Framework Workgroup. (2014). Updated Preparedness and Response Framework for Influenza Pandemics. Morbidity and Mortality Weekly Report: Recommendations and Reports, 63(6), 1-18. Disponible en <http://www.jstor.org/stable/24832599> (acceso abril, 2020).
- Instituto de Salud Carlos III. (2015, noviembre). Tool for supporting countries on generic emergency preparedness planning in the health sector. The EpiSouth Plus Project. Institute of Health Carlos III. Madrid; 2015. Disponible en: <http://gesdoc.isciii.es/gesdoccontroller?action=download&id=23/11/2015-3905fb6680> (acceso abril, 2020).
- Prevent Epidemics. (2020b, abril 8). Novel Coronavirus (COVID-19) Live Updates. *Prevent Epidemics*. Disponible en: <https://preventepidemics.org/coronavirus/?=undefined> (acceso abril, 2020).
- Sociedade Española de Medicina Preventiva e Saúde Pública (SEMPSPH). Propuesta de medidas y cuestiones a considerar para la fase de transición de la pandemia por SARS-CoV-2 en España. Disponible en: <https://www.sempsph.com/images/Informe%20SEMPSPH.%20Propuesta%20de%20medidas%20y%20aspectos%20a%20considerar%20en%20la%20fase%20de%20transici%C3%B3n.pdf> (acceso abril, 2020).





- European Centre for Disease Prevention and Control. (2020, febrero 10). Guidelines for the use of non-pharmaceutical measures to delay and mitigate the impact of 2019-nCoV. Disponible en: <https://www.ecdc.europa.eu/en/publications-data/guidelines-use-non-pharmaceutical-measures-delay-and-mitigate-impact-2019-ncov#no-link> (acceso abril, 2020).
- Cuestións sobre a reincorporación e apertura de dispositivos: CRPL, Pisos protexidos e unidades residenciais. Grupo de traballo técnico Saúde Mental FEAFES Galicia. Maio 2020.





ANEXO I. Enquisa clínico-epidemiolóxica COVID-19

<i>Presentou nas últimas 2 semanas?</i>		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		
Existe algún motivo que xustifique os síntomas por parte do paciente?			

Se algún síntoma (sen outra xustificación):

Ten actualmente síntomas? SI/NON

		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Tivo CONTACTO nas últimas 3 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
CONVIVIU nas últimas 3 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

A interpretación dos resultados da enquisa realizarase tendo en conta os criterios clínicos e epidemiolóxicos. Tendo en conta a definición do Ministerio de Sanidade de caso sospeitoso por SARS-CoV-2 (calquera persoa cun cadro clí-



nico de infección respiratoria aguda de aparición súbita de calquera gravidade que cursa, entre outros, con febre, tose ou sensación de falta de aire. Outros síntomas atípicos como a odinofaxia, anosmia, ageusia, dores musculares, diarreas, dor torácico ou cefaleas, entre outros, poden ser considerados tamén síntomas de sospeita de infección por SARS-CoV-2 segundo criterio clínico). De presentar calquera destes outros síntomas valorarase o contexto epidemiolóxico.

